



**ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO "ELABORACIÓN DE INVENTARIO DE CAMIÑOS E VÍAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TUI". POSTA EN COÑECEMENTO DE INFORME VALORATIVO EMITIDO POLO TÉCNICO MUNICIPAL E OUTORGAMENTO DE PUNTUACIÓNS POLA MESA AO SOBRE Nº 3. CRITERIOS QUE DEPENDEN DUN XUÍZO DE VALOR.**

Na Casa Consistorial do Concello de Tui, ás nove horas e cincuenta minutos do día 16 de agosto de 2017, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros:

Asistentes:

- Presidente: Enrique Cabaleiro González, Alcalde-Presidente.

-Vogais:

Aitor Iglesias Monzón, interventor do concello.

Pilar Fernández Alonso, secretaria do concello.

Fabián Barreiro González, enxeñeiro técnico municipal.

Yolanda Rodríguez Rodríguez, concelleira delegada de Facenda e Urbanismo.

Secretario:

José Ángel Fernández Rodríguez, funcionario do concello.

A continuación procédese á lectura do informe elaborado polo técnico municipal e membro desta Mesa de Contratación, que literalmente se transcribe a continuación:

" D. Fabián Barreiro González, técnico municipal do Concello de Tui, en relación co expediente de Contratación do servizo "Elaboración de inventario de camiños e vías municipais do Concello de Tui", emite o seguinte :

**INFORME TÉCNICO. Valoración da Metodoloxía e plan a seguir no desenvolvemento dos traballos de elaboración de inventario de camiños e vías municipais do Concello de Tui.**

**Empresas licitadoras (Admitivas segundo a mesa de Contratación):**

- R.E. nº 3683/2017-Innovalia Asesores, S.L, de Alicante.

- R.E. nº 3747/2017-Laya Gestión y Servicios, S.L, de Vigo (Pontevedra).

- R.E. nº 3782/2017-Estudio Técnico Gallego, SA, de Santiago de Compostela (A Coruña).

- R.E. nº 3802/2017-Innovación, Cooperación, Cartografía y Territorio, S.L, JCARTO, de A Coruña.

- R.E. nº 3845/2017-PROCAT Ingeniería y Medioambiente, S.L., de Nigrán (Pontevedra).

**EVALUACIÓN DA MEMORIAS PRESENTADAS**

▪ **Innovalia Asesores, S.L, de Alicante.**

- Presenta unha metodoloxía para un inventario de bens xenérico. Non específico no caso de camiños.

- A experiencia acreditada polos membros que compoñen o grupo de traballo non resulta a mais axeitada, a xuízo do que suscribe, para os traballos de elaboración dun inventario de camiños para administracións públicas.

- Na memoria entregada o modelo de fichas presentado non permite determinar o grado de detalle e determinación dos datos nas fichas propostas en comparación co mínimo requirido pola normativa de aplicación.

- Non esta claramente definida a metodoloxía a empregar ante a existencia de discrepancias nos datos obtidos para determinar a situación xurídica correcta, así como as propostas de actuacións de xestión para corrixir discrepancias durante a elaboración do inventario.

▪ **Laya Gestión y Servicios, S.L, de Vigo (Pontevedra).**

- En termos xerais a metodoloxía e planificación proposta é adecuada para a viabilidade do proxecto.

- O cronograma e coherente coa metodoloxía exposta.

- A calidade dos servizos ofertados e a metodoloxía proposta é adecuada.

- O modelo de ficha proposto carece dos datos mínimos esixidos no prego de prescricións técnicas.

- A xuízo deste técnico se considera adecuada a metodoloxía a empregar no caso de discrepancias nos datos obtidos para determinar a situación xurídica correcta e proposta de actuacións de xestión para corrixir discrepancias durante a elaboración do inventario .

▪ **Estudio Técnico Gallego, SA, de Santiago de Compostela (A Coruña).**

- En termos xerais a metodoloxía e planificación proposta e adecuada para a viabilidade do proxecto.
- O cronograma e coherente coa metodoloxía exposta.
- A calidade dos servizos ofertados e a metodoloxía proposta e adecuada.
- O modelo de ficha proposto ademais de cumprir cos mínimos esixidos no prego de prescricións técnicas, é o que propón un formato sinxelo, completo e intuitivo de cada camiño.
- Non esta claramente definida a metodoloxía a empregar ante a existencia de discrepancias nos datos obtidos para determinar a situación xurídica correcta, así como as propostas de actuacións de xestión para corrixir discrepancias durante a elaboración do inventario.

▪ **Innovación, Cooperación, Cartografía y Territorio, S.L, ICARTO, de A Coruña.**

- En termos xerais a metodoloxía e planificación proposta é adecuada para a viabilidade do proxecto.
- O cronograma e coherente coa metodoloxía exposta.
- A calidade dos servizos ofertados e a metodoloxía proposta e adecuada.
- O modelo de ficha proposto cumpre co mínimos esixidos no prego de prescricións técnicas.
- Non esta claramente definida a metodoloxía a empregar ante a existencia de discrepancias nos datos obtidos para determinar a situación xurídica correcta, así como as propostas de actuacións de xestión para corrixir discrepancias durante a elaboración do inventario.

▪ **PROCAT Ingeniería y Medioambiente, S.L., de Nigrán (Pontevedra).**

- En termos xerais a metodoloxía e planificación proposta é adecuada para a viabilidade do proxecto.
- Non consta o cronograma polo que non se pode comprobar a coherencia ca metodoloxía exposta.
- A calidade dos servizos ofertados é a metodoloxía proposta e adecuada.
- O modelo de ficha proposto cumpre co mínimos esixidos no prego de prescricións técnicas, a documentación xerada pola aplicación é a que mais se adecúa, a xuízo deste técnico, as necesidades do concello.
- A xuízo dese técnico se considera adecuada a metodoloxía a empregar no caso de discrepancias nos datos obtidos para determinar a situación xurídica correcta e proposta de actuacións de xestión para corrixir discrepancias durante a elaboración do inventario.

**VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA**

A xuízo do técnico que suscribe o seguinte informe e segundo os termos de valoración expostos no prego de cláusulas administrativas as empresas licitadoras obteñen a seguinte valoración .

EMPRESA	VALORACIÓN
INNOVALIA ASESORES, S.L, de Alicante.	10
LAYA Gestión y Servicios, S.L, de Vigo (Pontevedra).	30
ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, SA, de Santiago de Compostela (A Coruña).	30
Innovación, Cooperación, Cartografía y Territorio, S.L, ICARTO, de A Coruña.	25
PROCAT Ingeniería y Medioambiente, S.L., de Nigrán (Pontevedra).	25

O presente informe, ten carácter exclusivamente técnico e redáctase de forma independente, a expensas de calquera outro mellor fundamentado (e sen prexuízo de que se formule outro informe que se considere necesario para o axuste a legalidade vixente da actuación pretendida.)"

A Mesa de Contratación, á vista do informe técnico emitido, acorda por unanimidade:

Acepta-la valoración emitida e outorgar as seguintes puntuacións:

EMPRESA	VALORACIÓN
INNOVALIA ASESORES, S.L, de Alicante.	10
LAYA Gestión y Servicios, S.L, de Vigo (Pontevedra).	30
ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, SA, de Santiago de Compostela (A Coruña).	30
Innovación, Cooperación, Cartografía y Territorio, S.L, ICARTO, de A Coruña.	25
PROCAT Ingeniería y Medioambiente, S.L., de Nigrán (Pontevedra).	25



## EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

---

De seguido, ás dez horas e catorce minutos remata este acto, do que eu, secretario, certifico.  
Documento asinado dixitalmente ao marxe.

